



DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa reunión do día 5 de abril de 2022, emite o seguinte ditame en relación co proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Recomenda que para darlle efectividade real ao recoñecemento da etapa 0-6 como educativa é preciso que toda a etapa dependa de Educación.
- Recomenda que se aborde unha negociación para establecer unhas rateos máis acidas para a etapa de Educación infantil. Neste momento as zonas máis poboadas están con aulas de 25 alumnos e alumnas, isto dificulta moito o traballo, sobre todo co alumnado de 3 anos.
- Recomenda a negociación e aprobación dun plan de redución progresiva das actuais ratios en Educación Infantil ao considerar que con 25 alumnas e alumnos por aula non se garante unha educación de calidade na que se dea cumprimento a todos os aspectos presentes no currículo. Considera como criterio prioritario o establecemento da redución de ratios naquelas aulas que escolaricen alumnado con necesidades especiais e específicas de apoio educativo.
- Recomenda que se desenvolva a concreción curricular para o primeiro ciclo da etapa.
- Para o segundo punto do artigo 5, propón a substitución da frase inicial pola seguinte: "A etapa da educación infantil será gratuíta".
- Para o terceiro punto do artigo 5 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "Para facer efectiva tanto a detección precoz como a atención temperá, a Consellería con competencias en materia de educación promoverá o incremento e mellora dos departamentos de Orientación, asegurando que as unidades do segundo ciclo de Educación Infantil teñan a mesma consideración que as de Primaria, dotando todos os centros nos que se imparte este segundo ciclo de profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe".
- Para o artigo 6.3 propón a substitución do texto do apartado c) "Obxectivos de área" por "Competencias Específicas".
- Para o artigo 6.3 propón a substitución do texto do apartado e) "Contidos" por "Saberes Básicos".
- Para o apartado a) do artigo 7, propón a substitución do texto polo seguinte: "Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a valorar as diferenzas como algo positivo".



- Para o apartado h) do artigo 7, propón a substitución do texto polo seguinte: "Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes, así como o respecto á identidade afectivo-sexual e de xénero".
- Para o artigo 7 propón engadir un novo apartado co seguinte texto: "i) Coñecer e valorar a identidade propia de Galicia, a nosa lingua e cultura".
- Para o cuarto punto do artigo 11 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: ", excepto durante o período de adaptación do cuarto curso no que o horario será flexible. Dito período iniciárase o primeiro día lectivo de cada curso escolar e a súa duración virá determinada polas necesidades do alumnado de cada centro por decisión do equipo de ciclo".
- Para o artigo 12 propón engadir un novo punto co seguinte texto: "5. Os centros educativos poderán programar o tempo de acollida do alumnado para favorecer a transición á nova situación de ensino-aprendizaxe".
- Para o terceiro punto do artigo 13 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "e dotará os centros dos recursos necesarios para a elaboración e modificación da concreción curricular".
- Para o apartado c) do segundo punto do artigo 14 propón o seguinte texto: "Relación de unidades didácticas entendidas como a parte do currículo da área que se traballará coa súa secuenciación e temporalización".
- Para o artigo 14 propón engadir un novo punto despois do segundo co seguinte texto: "3. Sen prexuízo do anterior, as programacións didácticas poderán desenvolverse a través de unidades didácticas globalizadas nas áreas das ensinanzas de educación infantil. Do mesmo modo, as programacións didácticas que estean baseadas en proxectos educativos, atenderán ás directrices xerais establecidas na concreción curricular e ao establecido polos regulamentos orgánicos dos centros".
- Para o cuarto punto do artigo 14 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "dotando aos centros dos recursos necesarios".
- No quinto punto do artigo 15 propón suprimir o texto "especialmente no último ano".
- Para o artigo 15 propón engadir un novo punto co seguinte texto: "6. Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos".



- Para segundo punto do artigo 16 propón o seguinte texto: "Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable, e a promoción e a educación para a saúde que fomente uns hábitos saudables".
- Para o artigo 16 propón engadir un novo punto co seguinte texto: "4. Nesta etapa incluírase o coñecemento da diversidade familiar existente".
- Para o artigo 17 propón adición de texto no seu punto 1, quedando como segue: "1. No desenvolvemento curricular reflectirase a necesaria continuidade entre os dous ciclos da etapa e a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positivas de todo o alumnado, o que requirirá a estreita coordinación entre o profesorado de ambos ciclos e etapas. Para tal fin, ao finalizar a etapa de educación infantil, a titora ou o titor emitirá un informe sobre o desenvolvemento e as necesidades de cada alumna ou alumno".
- Para o terceiro punto do artigo 19, propón a substitución do texto polo seguinte: "A consellería con competencias en materia de educación establecerá procedementos que permitan a detección temperá das dificultades que poden darse nos procesos de ensino e aprendizaxe e a prevención destas a través de plans, programas e dotando aos centros dos recursos necesarios que faciliten unha intervención precoz. Así mesmo, facilitará a coordinación de cantos sectores interveñan na atención deste alumnado".
- Para ese mesmo terceiro punto do artigo 19 propón adición do seguinte texto a continuación: "A Consellería debe garantir os recursos humanos (profesorado e persoal de apoio, PT, AL,...) e materiais precisos para a atención ás diferencias individuais".
- Para o artigo 19 propón engadir un novo punto despois do terceiro co seguinte texto: "4. O ciclo 0-3 contará ao igual que o ciclo 3-6 cos especialistas necesarios para dar unha axeitada resposta ás necesidades de todo o seu alumnado".
- Para o cuarto punto do artigo 19 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "sendo a redución de rateos, apoios do profesorado os mais axeitados".
- Para o artigo 19 propón engadir un novo punto co seguinte texto: "Para atender adecuadamente a este alumnado a relación numérica entre profesorado e alumnado poderá ser inferior á establecida con carácter xeral".
- Para o primeiro punto do artigo 21 propón a substitución do texto polo seguinte: "1. Con obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais, dos pais ou das persoas titoras legais, nesta etapa, os centros que escolaricen alumnado de educación infantil cooperarán estreitamente con estas persoas, para o que arbitrarán as medidas correspondentes".



- Para o primeiro punto do artigo 24 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "se fose necesario coa colaboración do departamento de orientación".
- Para o artigo 28 propón engadir un novo punto co seguinte texto: "O horario de atención á biblioteca establecerase como parte do horario lectivo".
- Para o segundo punto do artigo 29 propón adición do seguinte texto a continuación do existente: "dotando aos centros dos recursos necesarios".
- Para o artigo 30 substituír o texto polo seguinte: "Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas á promoción da práctica de deporte e do exercicio físico por parte das alumnas e dos alumnos durante a xornada escolar".
- Para a disposición adicional terceira propón o seguinte texto: "O calendario escolar para o segundo ciclo de educación infantil comprenderá 175 días lectivos nos que se establecerá, ao comezo do curso, un período de adaptación do alumnado".
- No anexo I propón engadir texto, quedando o primeiro parágrafo como segue: "A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de desenvolvemento das habilidades e destrezas necesarias para a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente que aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018. Neste decreto, estas competencias clave foron adaptadas ao contexto escolar, así como aos principios e fins do sistema educativo establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. As devanditas competencias son as seguintes:"
- Para o anexo I, propón adición de texto no parágrafo correspondente á competencia cidadá, quedando como segue: "Co obxectivo de sentar as bases para o exercicio dunha cidadanía democrática, ofrécense nesta etapa modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas para a resolución pacífica e dialogada dos conflitos. Convídase tamén á identificación de feitos sociais relativos á propia identidade, diversidade familiar e cultura. Do mesmo xeito, foméntase un compromiso activo cos valores e coas prácticas da sustentabilidade e do coidado e a protección dos animais. Para tal fin, promóvese a adquisición de hábitos saudables e sustentables a partir de rutinas que as nenas e os nenos irán integrando nas súas prácticas cotiás. Ademais, sentan as condicións necesarias para crear comportamentos respectuosos con eles mesmos, cos demais e co medio, que preveñan condutas discriminatorias de calquera tipo".



- No anexo II propón o seguinte texto para o terceiro contido do bloque 6 (linguaxe e expresión musical) da área de Comunicación e Representación da Realidade (primeiro ciclo): "Nanas, cancións escolares, arrollos e xogos de colo. Cantigas de roda. Contos musicais".
- No anexo II propón engadir texto no terceiro parágrafo da introdución da área de Crecemento en Harmonía, quedando como segue: "Desde o profundo respecto aos ritmos e estilos de maduración individuais, os procesos de ensino e aprendizaxe deben adaptarse ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada nena ou neno, tendo claro que a adquisición do control de esfínteres non é un obxectivo que se deba alcanzar no ciclo 0-3 e que se debe garantir a súa continuidade ao longo da etapa. Aténdese, polo tanto, ao desenvolvemento psicomotor, á adquisición paulatina do control de si mesmo e ao proceso gradual de construción da propia identidade, froito do descubrimento das súas posibilidades motrices e das interaccións consigo mesmo, coa contorna e cos demais. Neste proceso, partírase da experimentación libre da súa propia motricidade. Avanzarase desde a dependencia total da persoa adulta cara a unha progresiva autonomía, na medida en que cada individuo ha de integrar e utilizar os recursos e estratexias que lle facilitan un desenvolvemento axustado e adaptado da súa motricidade".
- No anexo II propón engadir texto na denominación o cuarto obxectivo da área de Crecemento en Harmonía, quedando como segue: "OBX4. Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos".
- No anexo II propón o seguinte texto para o primeiro contido do bloque 4 (Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais) da área de Crecemento en Harmonía (segundo ciclo): "A familia e os distintos modelos familiares. Coñecemento, valoración e respecto. A estrutura familiar e os seus membros".

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

O secretario

Xosé María López Carretero



Visto e prace
O vicepresidente

Fernando del Pozo Andrés